



ROF		
<b>EXPEDIENTE</b>	<b>Sesión do Pleno do Concello 27.10.2016</b>	<b>Ref. 12/2016</b>
<b>TRÁMITE</b>	<b>Acta</b>	

## **ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE OUTUBRO DE 2016**

No Salón de actos da Casa Consistorial, sendo as 10:00 horas do día 27 de outubro de 2016, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, c<sup>o</sup> fin de celebrar sesión segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

### **Asisten os seguintes Srs. Concelleiros e Sras. Concelleiras:**

#### **Polo grupo municipal P.P.:**

D. Óscar Soto Abadín  
D<sup>a</sup>. Julia Loureiro Campo  
D. Alberto Méndez Lago  
D. José Luis Alonso Seijo  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Raquel Monzón Otero  
D. Cándido Pérez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Sara M<sup>a</sup> Cebreiro Alonso  
D. Camilo Augusto Martínez

#### **Polo grupo municipal de Gañamos:**

D. Francisco Vázquez Troitiño  
D. Miguel Angel Rodríguez Alonso  
D. Roberto Carlos Rodríguez Dasilva  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Giráldez Leirós

#### **Polo grupo municipal PSdG-PSOE:**

D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha  
D. Emilio Muñíos Pumar  
D<sup>a</sup>. Silvia González Pereira

#### **Polo grupo municipal B.N.G.:**

D. Miguel Anxo Aldea Moscoso

#### **Secretaria,**

M<sup>a</sup> Angeles García Villaverde

#### **Interventor**

Sergio Rodríguez Pérez



## **1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior (26 de setembro)**

Iníciase a sesión e abre a quenda de intervencións o Sr. Vázquez Troitiño dicindo que na paxina 3 como suplente debería figurar tamén Aurora Leirós Senlle pero pensa que soamente se dixo de palabra e que non figuraba e ningún documento e que habería que ver a forma de solucionalo. Continúa dicindo que nos Rogos fixera un de que se presentara un escrito de apoio a convocatoria da concentración para o soterramento das vías do Porriño e que non se fixo.

A Sra. Alcadesa di que iso non é unha alegación a acta senón que era unha petición do Sr. Troitiño e pregúntalle se esta de acordo co que esta na acta.

Responde o Sr. Troitiño non, porque que se acordou que se apoiaría dalgunha forma.

Tras o debate acórdase deixar o asunto sobre a mesa e escoitar a gravación da mesma.

O Sr. Aldea Moscoso di que na moción do PP pensa que os termos no que se quedou ao final era que a Deputación incrementara partidas para colaborar e que sobra a primeira parte de que a Deputación ten que manter os seus camiños xa que iso é obvio.

## **2. Modificación da Ordenanza Municipal de Medio Ambiente**

A Secretaria da conta de que o expediente foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de Urbanismo e medio ambiente, celebrada o 24 de outubro de 2016.

O Sr. Vázquez Troitiño di que votarán a favor xa que cumprimenta a Ordenanza que xa hai.

O Sr. Muñíos Pumar pregunta si se aplica en todo o ámbito do termo municipal, se inclúen as estradas nacionais, e se a policía local pode intervenir nos islotes das estradas de Fomento.

Responde a Alcadesa que a nivel de licenzas pode intervenir.

Continua dicindo que o que quere e que se aplique a todas as estradas por igual e non solo as municipais.

O Sr. Aldea Moscoso vai manter a abstención, porque non a ten clara.

A continuación, sometese a votación ordinaria, resultando aprobado co voto afirmativo do grupo municipal do P.P. (9), do grupo GañaMos (4) e do PSdeG-P.S.O.E. (3) e abstención do grupo municipal do B.N.G., o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** A aprobación inicial da modificación da Ordenanza de Medio Ambiente do Concello de Mos nos seguintes termos:

### **“ TÍTULO X INSTALACIÓN DE PUBLICIDADE EXTERIOR ARTIGO 418**

*Con carácter xeral e sen prexuízo da normativa específica, non se permitirán instalacións publicitarias nos monumentos, xardíns, sitios ou territorios históricos, zonas arqueolóxicas, lugares de interese etnográfico e zonas paleontolóxicas de acordo coa lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio*

*cultural de Galicia e nas figuras de protección indicados na lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza.*

*Prohíbese expresamente, sen prexuízo da normativa específica, o estacionamento de vehículos na vía pública con fins publicitarios así como a exposición para a venda de vehículos na vía pública sen previa autorización municipal, quedando vedada a colocación de carteis de calquera natureza destinados á venda do propio vehículo.*

*A autorización municipal para a exposición para a venda de vehículos na vía pública tramitarase conforme ao previsto na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público con suxeición ás seguintes condicións:*

- 1. O interesado deberá ser o titular que figure no permiso de circulación do mesmo e estar ó corrente de pago dos tributos municipais, así coma ter en vigor o seguro obrigatorio e a Inspección Técnica de Vehículos, ITV.*
- 2. unha vez obtida a autorización municipal, que se concederá por un prazo de tres meses prorrogable por outros tres, deberá ser exhibida de xeito visible no vehículo en cuestión.*
- 3. Os vehículos autorizados para ser expostos na rúa co fin de ser vendidos, non poderán permanecer no mesmo lugar durante máis de sete días consecutivos.*

#### **ARTIGO 423**

*Dacordo co previsto no Título XI da lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, establécese o seguinte réxime sancionador polo incumprimento da presente ordenanza. En concreto, tipifícanse como infraccións as seguintes:*

##### *a) Infraccións moi graves:*

*A colocación de carteis e valados publicitarios nos monumentos, xardíns, sitios ou territorios históricos, zonas arqueolóxicas, lugares de interese etnográfico e zonas paleontolóxicas de acordo coa lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia e nas figuras de protección indicados na lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza, que supoñan un deterioro grave e relevante dos mesmos.*

##### *b) Infraccións graves:*

*A colocación de elementos publicitarios que danen o mobiliario e os inmobles públicos.*

*A colocación de elementos publicitarios que impidan ou dificulten o tránsito de persoas polas rúas, con o sen mobilidade reducida ou diminuída.*

*A instalación de elementos publicitarios que non reúnan as condicións de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.*

*O incumprimento da orde de execución ditada polo concello consistente na adopción de medidas de seguridade daqueles elementos que puideran supoñer un perigo para as persoas ou os bens.*

##### *c) Infraccións leves:*

*O estacionamento de vehículos na vía pública con fins publicitarios e a exposición para a venda de vehículos na vía pública sen previa autorización municipal ou incumprindo as condicións impostas.*

*A colocación de elementos publicitarios sen licenza, autorización municipal ou incumprimento das condicións impostas.*

*O deficiente estado de conservación de valados e elementos publicitarios en xeral.*

*A falta de adaptación ao ambiente e o entorno dos elementos publicitarios.*

#### **ARTIGO 424**

*A cuantía das sancións será a seguinte:*



SECRETARIA

*Moi graves: ata 3.000.*

*Graves: ata 1.500.*

*Leves: ata 750.*

*No suposto de estacionamento de vehículos na vía pública con fins publicitarios así como a exposición para a venda de vehículos na vía pública sen previa autorización municipal ou incumprindo as condicións impostas, poderase proceder a súa retirada segundo ao regulado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo o que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.*

GRADACIÓN DAS SANCIÓN

*Para a gradación das sancións se terá en conta os prexuízos ocasionados, a intencionalidade, a reiteración e a transcendencia social da infracción.*

**ARTIGO 425**

*O procedemento regularase conforme o disposto no real decreto 1398/1993 polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora”.*

**Segundo.-** Someter a referida modificación da Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias. De non presentarse reclamacións, a Ordenanza se considerará aprobada definitivamente de forma automática.

**3. Aprobación modificación de crédito EXP. 23/16 TC 08/16**

Explica o Secretario que foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e contratación, de 24 de outubro de 2016.

Abre a quenda de intervención o Sr. Vázquez Troitiño dicindo que se absterán xa que se trata dunha decisión de goberno de reasignación de cartos e que non poden saber se é axeitada ou non.

A Sra. Pérez Ucha di que votarán en contra xa que consideran que aínda que vai gran parte para axuda no fogar o resto do reparto non é o axeitado.

O Sr. Aldea Moscoso votará en contra xa que todo o que mana dos orzamentos esta viciado de entrada.

A Alcaldesa quere agradecer a GañaMos a súa abstención e que claro que o goberno decide. O que lle parece pouco responsable é votar en contra, xa que mais da metade é para axuda no fogar.

Sometido o acordo a votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos 9 membros do grupo municipal do P.P. e o voto negativo do grupo P.S.deG.-P.S.O.E. (3) e o grupo de B.N.G. (1) e abstención do grupo GañaMos (4); o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente MC 23/16 TC 08/16 de modificación de créditos por transferencia de crédito co seguinte contido:

As partidas que reciben crédito son:

Área	Partida	Destino	Euros
Benestar	231.227.0601	Axuda no fogar	90.000

SECRETARIA

Cultura	331.226.9900	Gastos diversos	20.000
Multiusos	33101.2210001	Enerxía eléctrica	30.000
Biblioteca	332.629.0000	Adaptación ascensor	5.000
Centro saúde	312.226.9900	Conservación	3.000
Deportes	340.2269900	Gastos varios	5.000
Piscina	34201.2120000	Conservación construcións	5.000
Pavillóns	34202.2120000	Conservación construcións	5.000
Participación	924.2269900	Gastos diversos	5.000
Administración	920.222.0000	Gastos correos	7.000

As partidas que ceden crédito son as seguintes:

Partida	Destino	Euros
011.913.0009	Amortización préstamos RD 4/2012	175.000

**Segundo.-** Proceder ao trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles, no BOP; prazo durante o que os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se ao remate do período de exposición non se tivesen presentado reclamacións; no caso contrario requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprrobe definitivamente. O expediente definitivamente aprobado será insertado no Boletín Oficial da Corporación, se o tivera, e resumido por capítulos no da Provincia.

#### 4. Recoñecemento extraxudicial de crédito EXP. 05/16

O asunto foi ditaminado pola Comisión informativa de Facenda e Contratación, de 24 de outubro de 2016. E o interventor explica por que estaban sen pagar; sobre de a Asepeyo había discrepancia sobre a prestación do servizo e a de R pensa que debeu quedar traspapelada.

A continuación procédese á votación ordinaria, e por maioría cos votos a favor dos 9 membros do grupo municipal do P.P. e o voto negativo do grupo GañaMos (4), do grupo P.S.deG.-P.S.O.E. (3) e do grupo de B.N.G. (1); o Pleno adoptou o seguinte ACORDO

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención Xeral e recoñecer extraxudicialmente as seguintes facturas do exp. REC.EXT 05-16:

XUSTIFICANTE	DATA	PROVEEDOR	IMPORTE
2016 66001143	02/05/2016	B64206535-SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE ASEPEYO S.L.U.	3.205,87 €
TEXTO: S/FRA. NUM. SPIM2015000726 FECHA 13/07/2015SÓC.PREVENCIÓN ASEPEYO POR SERVICIO VIGILANCIA SALUD DEL 13 ENERO AL 14 DEJULIO 2015			
2016 66004464	01/08/2016	A15474281-R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A.	193,60€
TEXTO:S/FRA. NÚM.: RGE00005114630 FECHA 01/10/2015 R CABLE KPOR SERVICIO ADSL SEPTIEMBRE 2015			
TOTAL			3.399,47 €

#### 5. Adhesión á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias

Pola Secretaria, explícase que foi ditaminada pola Comisión informativa de Facenda e Contratación.

Non habendo intervencións, procédese á votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:



**Primeiro.-** Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministros que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

**Segundo.-** Remitir o presente acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

**Terceiro.-** Facultar á alcaldesa para a sinatura do documento e de cantos trámites sexan necesarios en execución do presente acordo, e por elo a adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a central de contratación das FEMP saque a licitación e sexan de interese para o Concello de Mos.

#### **6. Inclusión no inventario dos camiões de recollida de lixo**

Dáse conta de que foi ditaminada pola Comisión informativa de Servizos Públicos e Patrimonio, celebrada 24 de outubro de 2016.

O Sr. Muíños Pumar débelle buscar unha saída, xa que ao final vanse achatarrar e o que agora pode valer pouco dentro de nada non terá ningún valor, se a empresa actual non vai utilizala haberá que vendelos.

A Sra. Loureiro Campo responde que despois de inventarialos haberá que decidir que se fai con eles

Non habendo mais intervencións, procedese a votación ordinaria, e por unanimidade dos membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Incluír no Inventario Municipal os seguintes bens:

Camión modelo DAF

Km.: 328.484,40

Matrícula: 6450 DJL

Nº de bastidor: XLRAE75PCOE672313

Data de matriculación: 15/04/2005

Valor: 8.000 euros

Camión modelo DAF

Km.: 322.015

Matrícula: 0264 DFN

Nº de bastidor: XLRAE55CFOL268013

Data de matriculación: 05/07/2005

Valor: 7.000 euros

#### **7. Resolucións Alcaldía.**

Dáse por realizado o trámite.

#### **8. Comunicacions de Alcaldía.**

Non hai comunicacions

#### **9. Mocións:**

### **9.1 Moción do P.P. para recuperar as axudas para as escolas de música dependentes de asociacións**

Despois de comunicar que a moción foi ditaminada pola Comisión informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, de 24 de outubro de 2016.

A Sra. Cebreiro Alonso explica a seguinte moción:

*“O novo goberno da Deputación Provincial de Pontevedra tomou a decisión de non conceder ás tradicionais axudas destinadas ás Escolas de Música dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro.*

*A Escola de Música de Torroso xunto ca Banda de Música Xuvenil son un sinal de identidade deste municipio xa que non existen outras. A Banda de Música está formada por multitude de persoas de tódalas idades e é unha parte enraizada da nosa cultura que participa en todas e cada unha das celebracións e festas típicas de cada parroquia, ... Mestres, alumnos, músicos profesionais e músicos afeccionados de tódalas idades atopan nesta formación (ESCOLA e BANDA) a forma de achegarse á música preto dos seus domicilios sen ter que desprazarse ata outros concellos.*

*O éxito desta escola atópase na ampla gama de actividades musicais que ofrecen, os estudantes poden escoller música como un modelo oficial, profesión ou simplemente como unha actividade de lecer; contan actualmente cun total de 400 alumnos matriculados.*

*Dende o Partido Popular de Mos, non entendemos que o novo goberno da Deputación faga desaparecer non só estas axudas para as Escolas de Música senón tamén as destinadas ós conservatorios. Unha vez máis, este goberno pon en perigo a nosa cultura, ás nosas tradicións e as nosas raíces e ademais menospreza o traballo que realizan as escolas ao longo de todo o curso.*

*Dende o grupo Popular Defendemos que a cultura e a educación musical non deben ser entendidas coma un gasto senón coma unha inversión, que ademais de manter as tradicións do noso pobo, xera riqueza e ata postos de traballo xa que eses cartos van destinados en moitos casos ós honorarios dos mestres, músicos, etc...*

*Seguiremos a apoiar a esta Escola como sempre o facemos asinando novamente os dous convenios anuais de colaboración entre Concello e Banda de Música e Escola Municipal de Música poñendo todo o noso esforzo en ampliar as partidas cara o presuposto do ano 2017.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Mos somete, para a súa toma en consideración polo pleno da corporación o seguinte acordo:*

*Instar ó goberno da Deputación de Pontevedra a convocar ditas axudas dirixidas a Escolas de Música e Conservatorios dependentes de Asociacións sen ánimo de lucro.”*

O Sr. Rodríguez Dasilva di que o seu grupo defende a Banda de Musica e a Escola de Musica.

O Sr. Muíños Pumar explica que, despois de falar coa directiva da Escola de Musica, e de buscar unha explicación parece ser que quedaron fora das axudas da Deputación as escolas de música que non eran municipais, parece que foi un fallo que van intentar que este ano se poida recuperar algo e que para os vindeiros ano crearán unha liña especial para estas escolas de música. Pensa que é orquestrar un pouco o tema xa houbo unha reunión onde xa se comunicou isto; pero que van a apoiar o tema como xa o fixeron.



O Sr. Aldea Moscoso comparte totalmente o que dixo o Sr. Muñíos Pumar, e que vai haber axudas si isto non fora así el sería o primeiro en presentar unha moción.

A Sra. Cebreiro Alonso di que o que lle da a Deputación para este ano é darlle axudas por actuacións da Banda de Musica e iso non ten que ver con apoiar a Escola de Musica.

A Sra. Alcaldesa manifesta que si iso é como expoñen que se alegra xa que é un asunto tan importante e non é orquestrar. Que se trata dunha escola con 400 alumnos. Continúa dicindo que lle parece lamentable que non reciba nada a Escola de Música e que se lle entregue á Asociación da Prehistoria 6.000 euros, que esta en contra desa vara de medir.

O Sr. Rodríguez Dasilva como concelleiro coñece a situación é certo que este grupo non coñece a situación económica desta Escola. Sobre a Asociación da Prehistoria entende que concorreron a unha subvención da Deputación como calquera outra asociación.

Tras o remate das intervencións procédese á votación da moción co voto afirmativo do grupo municipal do PP (9), e do P.S.deG.-P.S.O.E (3), o voto negativo do B.N.G(1) e a abstención do grupo municipal de Gañamos (4)

### **9.2 Moción do P.P. para recuperar as axudas ás asociacións e colectivos sociais sen ánimo de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, neste caso ASODIFISI**

Na comisión informativa de Educación, Participación Cidadá e Mobilidade, de 24 de outubro de 2016 foi ditaminada a seguinte moción:

*“Despois de manter estes días unha reunión ca Xunta Directiva de ASODIFISI, como fécemos cada pouco tempo, comprobamos que para o curso 2016-2017 non contemplan na súa programación o que sería o seu xa tradicional Curso de Xardinería SEMENTAMOS, isto é debido a que do custe total do curso 10.362,00 € a Deputación de Pontevedra so lles concedeu 4.902,00 € obrigándolles ademais a xustificar o importe total do curso, sen ofrecerlles outro tipo de solución e véndose obrigados a renunciar por completo a dita axuda, cousa que xamais ocorrera.*

*A Deputación de Pontevedra caracterizouse sempre por ofrecer liñas de axudas a colectivos sociais da provincia, que resultaron ser fundamentais para sustentar e impulsar as súas iniciativas e activades do día a día dirixidas a os seus usuarios, ASODIFISI sempre foi un deles e isto lles permitía a os alumnos ademais de realizar diferentes e variadas actividades na súa programación anual poder recadar fondos cá posterior venta das plantas cultivadas, traballadas e coidadas no seu invernadoiro a través de dito curso.*

*Os gobernos do Partido Popular na Deputación de Pontevedra apostaron por estas subvencións como ferramenta para mellorar e aproveitar os propios recursos, que nunca son moitos dos que dispoñen ás Asociacións como ASODIFISI, xa que a maioría susténtanse cas cotas dos propios socios.*

*Dende o grupo popular de Mos estamos a comprobar que este apoio desvanécese día a día co actual goberno da Deputación de Pontevedra, que ademais de eliminar de un plumazo a maior parte das liñas de axudas non dan solucións nin opcións a os seus problemas; algo básico e necesario para reforzar a estes colectivos, moitos ademais en zonas do rurais, sen moitas outras*



*opcións ao seu alcance, e dese xeito, igualar as oportunidades entre o rural e o urbano. E o Fan ademais da peor forma posible, deixando ao marxe ás persoas que máis o necesitan como os DISCAPACITADOS que son totalmente alleos a este tipo de decisións políticas.*

*Por todo a anterior dende este grupo seguiremos a apoiar a este colectivo tan querido no noso municipio e a partir do mes de xaneiro poremos en marcha con fondos municipais o IV Curso de Xardinería SEMENTAMOS dirixido ós usuarios de ASODIFISI.*

*Por todo isto, solicitamos a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Que a Deputación de Pontevedra recupere as anteriores bases de axudas das asociacións e colectivos sociais sen ánimo de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais de forma directa, coñecendo e respaldando as necesidades de cada unha de elas e dando a opción de poder xustificar o que gastan”.*

O Sr. Rodriguez Alonso di que non están de acordo coa presentación, vía urxencia da moción, cando tiveron tempo suficiente e sobre todo polo que piden que se lle entregue directamente a esta asociación sen ter que xustificar eses cartos, xa que non están de acordo con esa maneira de utilizar os cartos públicos.

A Sra. Pérez Ucha pensa que nas subvencións hai que xustificar o gasto pero non esta claro na moción; o seu grupo esta a favor de que Asodifisi reciba a maior axuda posible pola gran labor que fan; pero é bo recordar que soamente hai mil euros menos pero que están de acordo coa moción e que votarán a favor sempre que se aclare o da xustificación do gasto e que se quite o 4º paragrafo que empeza con: Dende o grupo popular de Mos.....

O Sr. Aldea Moscoso di é que unha moción no mesmo senso que a anterior ou aínda mais grave xa que non hai tanta diferenza doutros anos, e a xustificación é o lóxico. Aquí está claro que se trata dunha autentica manipulación.

A Sra. Cebreiro Alonso di que se reúnen a miúdo coas distintas asociación e que Asodifisi lle transmitiu o seu problema, non é o que reciben senón que para recibir os 4.000 euros teñen que xustificar 10.000 o que lle resulta imposible, polo que se lle pide a Deputación que modifiquen as Bases das axudas.

A Sra. Pérez Ucha di que votarán só o acordo de que respaldan as necesidades que Asodifisi ten pero non toda a moción.

Tras o debate sométese a votación o seguinte acordo:

Instase á Deputación de Pontevedra que recupere as anteriores bases de axudas das asociación e colectivos sociais sen ánimo de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais de forma directa, coñecendo e respaldando as necesidades de cada unha delas e dando a opción de poder xustificar o que gastan, facendo fincapé en Asodifisi.



Resultando aprobada por maioría, co voto afirmativo do grupo municipal do PP (9), e do P.S.deG.-P.S.O.E (3), o voto negativo do B.N.G(1) e a abstención do grupo municipal de GañaMos (4).

#### **ASUNTO FORA DA ORDE DO DIA**

#### **Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizo que se prestan nas piscinas municipais.**

Primeiramente votase a urxencia de tratar este asunto, que é aprobada por unanimidade dos membros da Corporación.

A continuación tratase o asunto, non habendo intervencións; sométese a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade dos membros da Corporación a seguinte proposta:

**Primeiro:** Aprobar a Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora das taxas polos servizos que se prestan nas piscinas municipais que afecta ás bonificacións de usuarios de cursos de natación, cando sexan dous ou mais irmáns menores de idade, co texto que figura no expediente e que de seguido se relaciona literalmente:

“Desconto para familias nos cursos de natación da piscina municipal:

Cando un usuario da piscina municipal teña fillos menores de idade que se inscriban en cursos de natación, o primeiro fillo pagará o cincuenta por cento (50%) do curso e o segundo fillo e seguintes poderán asistir de forma totalmente gratuíta.

Cando os usuarios que se inscriban no mesmo curso de natación sexan dous ou mais irmáns menores de idade, o primeiro pagará a taxas correspondente ao curso no que este inscrito, e o segundo e seguintes pagaran o cincuenta por cento (50%) da taxa correspondente.

Quedan excluídos desta bonificación os grupos de menores de idade organizados por centros de educación, colectivos veciñais ou asociacións.”

**Segundo:** Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar dende o seguinte ao de publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non foran presentadas alegacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, o Acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade có artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **10. Rogos e preguntas.**

Abre a quenda o **Sr. Vázquez Troitiño**, rógalle á concelleira de Mobilidade que se publicite na web as paradas e horarios do novo bus.

Responde a Alcaldesa que se entregaran nos domicilios un folleto explicativo e antes farase unha reunión cos voceiros para ver posibles axustes.

**O Sr. Rodríguez Alonso** roga que se regule o estacionamento no centro de saúde e que se poña unha sinal de prohibición de aparcamento de tráfico pesado.

*(O Sr. Rodríguez Alonso abandona o Pleno).*

**O Sr. Vázquez Troitiño**, prega información sobre o PXOM.

A Alcadesa pide disculpas xa que tería que haber informado en comunicacións, que chegou onte o documento da Xunta e que de 1.300 alegacións aceptadas habería que retirar 30 parcelas, e que se fará a vindeira semana unha xunta de voceiros. Queda fixada para xoves día 3, ás nove da mañán.

Continúa o sr. Vázquez Troitiño pedindo unha pista libre na piscina en todo o horario.

E pregunta si se ten previsto o transporte do s nenos de bacharelato.

Responde a Concelleira, Sra. Monzón Otero, que están contemplados xa no bus municipal.

**O Sr. Rodríguez Dasilva**, que hai unha moción sobre o camiño do Covelo, do ano 2015 e non se trouxo ao Pleno.

A Alcaldesa responde que se traerá para o vindeiro Pleno.

**A Sra. Pérez Ucha** pregunta polo paso de peóns en Costoias.

Responde a Alcaldesa que se falou con Gerardo para que pintara o paso.

No colexio School, díxose que non se podían poñer badéns pero que, en Petelos ao pasar a Capilla, si que se puxeron; pregunta cal é a diferenza.

Responde o concelleiro que son bandas reductoras.

Pide a concelleira que polo menos se poñan esas bandas na baixada do referido colexio.

Pregunta pola nave de Campos.

Responde a Concelleira, Sra. Loureiro Campo, que o vai ver

**O Sr. Muñíos Pumar**, di que hai unha nota de prensa no Faro sobre o tema dos montes de Tameiga, o que lle parece un pouco precipitada, xa que non houbo assemblea e igual se crispa o ambiente. Ademais engade que a oposición fixo un bo traballo ahí pero case non consta.

Responde a Alcaldesa que non se enviou ningunha nota de prensa pero que se a chaman ten que responder e que lle dixo, ao periodista, que chamara aos voceiros pero que sempre se falou da Corporación e que foi a Comunidade Montes a que decidiu sacar a noticia.

**A Sra. González Pereira**, pregunta se o camiño de Merouces esta rematado, xa que o muro non está ben e a arqueta levantada.

Responde o Sr. Augusto Martínez que se modificará o muro.

**O Sr. Aldea Moscoso** pregunta si é só a liña azul a que fai o percorrido do instituto .

Responde a Sr. Monzón Otero que só a liña azul xa que son os nenos afectados.



Sobre o Plan Madruga que problemas hai?

Responde a Concelleira que van retirar o de Petelos porque non hai nenos, polo que se está falando coas ANPAS.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa, levanta a sesión sendo as once horas cincuenta e cinco minutos do vinte e sete de outubro de dous mil dezaseis, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

A Alcaldesa,  
Visto e prace

  
Nidia Mª Arévalo Gómez

A secretaria,

  
Mª Angeles García Villaverde